

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/19	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	9 de decembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:38 ata as 21:16 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Antes de proceder a tratar os asuntos da orde do día, o **Sr. Alcalde** pide aos presentes gardar un minuto de silencio en sinal de duelo polos pasamentos de D. Ramón Campos Durán, Alcalde deste Concello durante quince anos, e de Dna. Maribel Ruíz, antiga Concelleira de Facenda dunha anterior lexislatura.

Finalizado o minuto de silencio, o **Sr. Alcalde** traslada o pesar desta corporación ás familias dos falecidos, así como tamén o recoñecemento da labor realizada polo Sr. Campos e pola Sra. Ruíz durante a prestación dos servizos como Alcalde e Concelleira en prol dos veciños e veciñas da Estrada.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE NOVEMBRO DE 2019

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos da oposición ten algunha moción de urxencia para ser tratada fóra da orde do día.

Pide a palabra o voceiro do grupo Socialista, **D. Luis López Bueno**, para presentar unha moción pola vía de urxencia, e que se transcribe literalmente de seguido:

#### *“XUSTIFICACIÓN DE URXENCIA*

*O mal estado da superficie compromete a seguridade viaria na zona.*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado dos vias de titularidade municipal ao longo e ancho do Concello da Estrada é manifestamente mellorable. As actuacións realizadas durante o primeiro semestre de 2019 foron manifestamente insuficientes, e non se prolongaron durante a segunda metade do exercicio.

Coa chegada do inverno, a ausencia total de mantemento provocou que varios deses camiños dexenerasen a un ritmo máis acelerado do común (na maioría dos casos, coa alerta previa dos grupos da oposición), agravando o seu mal estado e poñendo en risco a seguridade viaria e a integridade dos vehículos e persoas que transitan por eles.

É preocupante o estado xeral das pistas nas parroquias, e tamén é manifesto o mal estado de varias rúas da vila, (Serafín Pazo nos dous tramos, Avenida de Santiago, Rúa 56). Pola súa situación, estas rúas soportan carga pesada ademais dun maior volume de tránsito que moitas outras, e por iso precisan un mantemento maior, que non se está a efectuar e que constitúe a causa principal da erosión da superficie.

Ante o escándalo sen precedentes que supón o estado do firme nesas rúas, e coa agravante do tráfico que soportan, (son vías principais de entrada ao casco urbano), fanse necesarias actuacións urxentes para darlle unha solución definitiva aos problemas dos que adoecen.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que este adopten os seguintes ACORDOS:

1. *Habilitar crédito, pola vía de urxencia se é necesario, a cargo do orzamento de 2019 para acometer a mellora do firme da rúa 56, que inclúa estabilización do solo para minimizar o impacto do tráfico na superficie."*

O **Sr. Alcalde** traslada o voto en contra da urxencia desta moción por mor de que, fai aproximadamente unha semana, iniciouse o procedemento de contratación para proceder á mellora da rúa 56, ao abeiro da Memoria valorada aprobada o pasado xoves, intentando que esta obra estea realizada en urxencia antes do nadal.

Procédese a votar a urxencia da moción, rexeitándose polos votos en contra do grupo do Partido Popular (12) e a favor dos grupos Socialista, Móvete e Mixto-BNG (9).

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Expediente 2002/2019. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2019 E CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS DO EXERCICIO 2018, ASÍ COMO A CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018 E A INFORMACIÓN RELATIVA A ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS DO EXERCICIO 2018 A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE "RENDICIÓN DE CONTAS".**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 22/11/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3KEJF25A9XVWG6R333WECMPNWQ | Corrección: https://estrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario, dende Intervención e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL), e á Secretaría Xeral do Estado, a través do Portal de Entidades Locais.

Visto o informe emitido pola intervención municipal con data 21/11/2019.

Vista a demais documentación, da que se da conta na presenta sesión, e que consta no expediente 2002/2019.

#### **DÁSE CONTA:**

- Comunicación de Rendición da información na OVEELL, en tempo e forma, do 3º trimestre 2019 do período medio de pagamento (PMP) e informe de morosidade.
- Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do orzamento do 3º trimestre 2019.
- Comunicación de Rendición da información na OVEELL, e tempo e forma, do Custe Efectivo dos Servizos das EELL no exercicio de 2018 (CESEL).
- Comunicación de Rendición da Información, a través da plataforma de "Rendición de Contas", da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018.
- Comunicación de Rendición da Información, a través da plataforma de "Rendición de Contas", relativa a acordos contrarios a reparos da Entidade Local, no exercicio de 2018.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 396/2019 DITADA POLA SECCIÓN 1ª DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, RECAÍDA NO RECURSO DE APELACIÓN 437/2018.**

Visto que con data 02/12/2019 (2019-E-RC-10058) tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello a Sentenza nº 396/2019 ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo nº 1 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación 437/2018, interposto por D. Jesús Brea Regengo contra a Sentenza 104/2018 ditada no Procedemento Abreviado nº 348/2016 polo Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 2 de Pontevedra

#### **DÁSE CONTA:**

Do Fallo da nomeada Sentenza 396/2019 que se transcribe literalmente de seguido:

"...

*FALLAMOS que con desestimación del recurso de apelación interpuesto contra la sentencia del Juzgado de lo contencioso administrativo nº 2 de Pontevedra de 31 de julio de 2018, CONFIRMAMOS la misma, imponiendo al apelante las costas de esta alzada, fijando en 1.500 euros, a razón de 500 euros por cada parte apelada que ha presentado escrito de oposición, la cantidad máxima en concepto de*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3KEJF25A9XVWG6R333WECMPNWQ | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



*defensa de los apelados.*  
....”

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 4 E O 29 DE NOVEMBRO DE 2019**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 4 e 29 de novembro de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-1339 ao número 2019-1487 (incluídos os dous).  
A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Inicia a quenda de Rogos e Preguntas, o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen en primeiro lugar quere trasladar o descontento do seu grupo en relación co cambio de data deste convocatoria cando existe un acordo plenario que establece que as sesións ordinarias do Pleno se celebrarán os primeiros xoves de cada mes, tamén é certo que nese acordo o Alcalde resérvase a competencia de cambiar a data da convocatoria, sen embargo lémbrale que había dado a palabra de que antes de cambiar a data dunha sesión ordinaria ía a consultar aos demais grupos políticos da corporación, esperando que en próximas ocasións se teña en conta a opinión dos demais membros deste órgano.

Continuando coa súa intervención e en relación co alumado do nadal, formula varias preguntas, porque este ano tense o alumado de nadal máis caro da historia (40.000 euros), mentres que no 2018 foron 30.000 € (executándose 31.000 €); polo anterior, di que hai nenos e nenas que se preguntan o por que non hai alumado nas súas rúas, por exemplo na Avda de Pontevedra, Avda de Santiago, rúa Serafín Pazo (Teatro incluído), etc, polo anterior pregunta que criterios seguiu o grupo de goberno para escoller as rúas onde colocar dito alumado de nadal.

Responde o **Sr. Alcalde** que, a petición do comercio local, o Concello está facendo un esforzo importante na programación do Nadal deste ano, xa que o noso comercio local precisa dun impulso importante nestas datas, ademais de esperar que a inversión que supón ese esforzo teña os seus froitos, xa que son moitas as persoas que se achegan á vila nesta festividade. Continúa dicindo que este ano o grupo de goberno fixo un esforzo tanto no que se refire ao alumado do nadal como na instalación da pista de xeo, estando convencido que os datos resultantes acreditarán esta acertada inversión. En canto á colocación do alumado, di que hai elementos importantes na vila que hai que potenciar, tales como a rúa principal, a Praza da Farola, o entorno da Alameda e a propia Praza do Concello, xa que, á diferenza das festas patronais, no Nadal a decoración luminaria concéntrase máis nunhas zonas concretas, sen embargo, se hai algunha reclamación procederase a falar coa empresa que colocou o alumado para que corrixa as deficiencias e faga novas colocacións.

Polo dito anteriormente, reitera en que se trata dun investimento e non dun gasto, esperando que A Estrada nestas datas estea chea de visitantes e repercuta no comercio local.

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3KEJF25A9XVWG6R333WECMPNWQ | Corrección: https://estrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9

O **Sr. López Bueno** di que non pon e dúbida o beneficio que trae o engalanar a nosa vila nestas datas, tan só preguntaba porque nalgunhas rúas non hai alumado de nadal, porque nesas zonas tamén hai locais comerciais que tamén merecen beneficiarse destas medidas. En canto aos datos, espera que haxa datos, porque lembra que solicitou unha reunión co Alcalde a través da Sede Electrónica para estudar os resultados da Feira do Moble deste ano, e a día de hoxe non tivo resposta.

O **Sr. Alcalde** lle responde que a colocación do alumado do nadal fíxose en base a un proxecto presentado pola empresa adxudicataria, reiterando que se algún veciño ou veciña considera que a súa zona ou rúa non está ben iluminada ou decorada pode achegarse ao Concello, non existindo ningún problema en solucionar o problema, insistindo que o que se intentou foi dar máis vida ás zonas céntricas e por onde circula máis xente, dando así máis impacto aos visitantes.

Pide a palabra o concelleiro do grupo Socialista, **D. Luis Rendo Araujo**, para trasladar o rogo de que sexan reparados e suxeitos no seu sitio os contedores de lixo existente na curva do entorno do Pazo de Oca, xa que debido ao temporal pasado os contedores movéronse de sitio desprazándose ata a estrada provincial, co respectivo risco para os condutores, ademais de que unha veciña tivo, con esforzo, movelos novamente á súa posición.

O **Sr. Alcalde** contesta que estas últimas semanas colocáronse máis de centro trinta soportes para os contedores do rural, non sabendo si, con respecto a eses contedores de Oca, estaba a petición feita, xa que a colocación dos soportes fíxose ao abeiro dunha listaxe de peticións. Informa que esa obra realizouse con cargo a un sobrante do Plan Concellos 2017, e rematouse a finais do pasado mes de novembro. Así mesmo, informa que na próxima actuación que se faga incluírase esta petición.

(HAI UNHA INTERVENCIÓN QUE NON SE PODE TRANSCRIBIR POR CAUSA DE NON ACTIVARSE O MICRÓFONO E, POR ENDE, NON SE APRECIA NO AUDIO)

O **Sr. Alcalde** di que solicite a información por escrito e se lle dará.

Pide a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, dicindo que acaba de acudir a unha sesión da Comisión Informativa de Facenda e Contas, onde se tratou unha mínima redución no recibo da taxa de recollida do lixo, en canto ao reciclado do que se encarga SOGAMA, polo que pregunta se, paralelamente a esa mini redución, o Concello ten previsto levar a cabo algunha acción de cara ao fomento do reciclaxe e a redución da xeración de residuos.

Resposta o **Sr. Alcalde** que, dentro do Convenio asinado con SOGAMA, figuran dúas condicións que establece a Sociedade Galega de Medio Ambiente para reducir nun 10% o custo do servizo de tratamento de residuos para o Concello é que repercutamos unha parte dese custo do recibo nos veciños e outra é facer campañas de concienciación; é dicir que non é que sexa unha mini-redución. Por outra banda, mentres que outros concellos elevan o recibo do lixo, nós levamos oito anos sen modificar a custo do mesmo e, por enriba, o reducimos nun 10% gracias ao Convenio asinado con SOGAMA.

Con respecto a esa obriga de facer campañas de concienciación, di que intentaranse poñer en marcha no vindeiro ano 2020, e así intentar que os nosos veciños e veciñas tomen conciencia da necesidade do reciclaxe e da redución de residuos, porque estamos trasladando aproximadamente vinte mil quilos de lixo ao día, o que supón un quilo por habitante e día. Informa tamén da necesidade de



facer un cambio no servizo de recollida selectiva, xa que as empresas que están a levar o servizo non están funcionamento ben, polo que sería necesario unificar os servizos de recollida de vidro, cartón e plástico nunha única empresa e que dita empresa faga tamén campañas de concienciación social para que os/as nosos/as veciños/as se sensibilicen. Por outra banda tamén é necesario cambiar o parque de recollida selectiva, pero para iso é necesario ter previamente un servizo estable, polo que espera que no ano 2020 acadar todos estes obxectivos.

A **Sra. Mar Blanco** coincide coa importancia de concienciar á nosa sociedade, pero iso non só se acada a través de campañas, senón tamén por medio do exemplo que poida dar o propio Concello, considerando necesario levar a cabo programas de compostaxe para residuos orgánicos, sendo unha boa opción o Plan Compós da Deputación Provincial, pero tamén cre necesario o incremento de contedores no rural e que permitan a selección de residuos; así mesmo, deberíase prescindir no edificio do Concello do servizo de auga en botellas de plástico, promocionando o consumo da auga da billa, e, con respecto á compra pública, deberíase priorizar obxectos feitos sen plástico e con excesivos embalaxes, deste xeito servir de exemplo aos nosos veciños/as, ademais de xerar menos residuos.

O **Sr. Alcalde** informa que a semana pasado estivo o Concelleiro responsable con técnicos da Deputación en relación co Plan Revitaliza, sobre o tema da compostaxe, trasladando o noso interese en participar nese Plan, en consecuencia estamos á espera dunha próxima reunión para concretar as actuacións municipais, esperando que nos vindeiros días poida trasladar aos grupos da oposición o resultado das ditas reunións.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** preguntando se hai previsión de facer algunha actuación na planta baixa da Estación de Autobuses, xa que se han trasladado deficiencias na mesma, tales como filtracións de auga, problemas eléctricos, etc, considerando necesario o seu arranxo ante o colectivo xuvenil que fan actuacións neste local.

Responde o **Sr. Alcalde** que se tiveron reunións coa Dirección Xeral de Mobilidade en relación a este tema, xa que trátanse dunhas instalacións de concesión administrativa quedando sobre trece anos para que esta finalice, por esa razón chegarase a un principio de acordo coa empresa concesionaria para intentar facer unha rescisión voluntaria e así entre a Xunta de Galicia e este Concello poder mediante Convenio facer unha mellora do entorno da Estación de Autobuses, aínda que despois se tivera que facer unha cesión parcial, xa que alí aínda se están despachando billetes e ser unha zona de garda de autobuses; pero cando parecía que se estaba chegando a ese acordo houbo un problema societario desa empresa e, como consecuencia, non puido executarse. O único que podía facerse e executar de oficio por parte da Xunta de Galicia a rescisión da concesión, proceso lento e complexo administrativamente, pero que considera necesario a causa do mal estado no que se atopa a edificación. Dito proceso está iniciado e mentres non existan unha titularidade do ben o Concello non pode facer nada, pero ao ser unhas instalacións moi importantes para a nosa vila, se están a buscar alternativas para o seu mantemento.

Intervén a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dña Susana Camba Castro**, para trasladar, en primeiro lugar, o rogo dos veciños e veciñas de Vinseiro para a limpeza das cunetas, en concreto a do camiño que vai dende Vis de Correa a Cacimás, a cal está tan chea de maleza que durante estes días de choiva a auga circula pola pista e coa xeadada resulta un perigo para a circulación e para os peóns.





Responde o **Sr. Alcalde** que esta época non é habitual para a limpeza de cunetas ou desbroces, xa que estes traballos fanse durante a primaveira e o verán, ademais de que facelos en inverno prexudicaríanse ás estradas; de todos xeitos toma nota desta solicitude para proceder, dentro da planificación de melloras viarias, acometer esa actuación o antes posible, reiterando que facelo durante estes meses de inverno é inútil pola auga existente e polo risco de facer lameiras que provocarán danos superiores.

Continúa coa súa intervención **Dña. Susana Camba** comunicando que tamén lle chegou unha petición acompañada de documentos gráficos, da necesidade de limpeza do camiño da Xeira, en concreto no monte Pías, entre Cora e Couso, xusto despois de pasar a Ponte Pías, onde a maleza e os arbustos invaden dito vial.

O **Sr. Alcalde** di que descoñece ese tramo, aínda que se estivo facendo traballos de limpeza, desbroce e pavimentación de viais nas zonas de Codeseda e Ribela fai tres semanas; sen embargo irase a comprobar ese camiño e, no seu caso, farase o desbroce.

A **Sra. Susana Camba** pregunta para cando está previsto a apertura do Museo Reimóndez Portela e a periodicidade de acceso a público, xa que as obras de rehabilitación fai tempo que están rematadas e, con respecto a isto último, lle gustaría ver como quedou o edificio despois destes traballos para así valorar ese resultado.

Contesta o **Sr. Alcalde** que efectivamente a obra está rematada, aínda que está pendente a parte expositiva da obra, acordándose co Padroado o facer unha selección previa de todo o material que alí se atopa e que teñan máis valor e deseñar a exposición. En canto a periodicidade de apertura ao público, di que hai que buscar a forma de acadar unha persoa que abra o Museo con periodicidade, xa que lembra que a Lei de Estabilidade Orzamentaria impide facer calquera tipo de contratación e, polo tanto non podemos ter unha persoa vinculada a ese servizo e non sendo fácil atopar a fórmula, sen embargo está buscándose a maneira de solucionar este problema co propio Padroado.

Pregunta a **Sra. Susana Camba** sobre o estado dos elementos que estaban expostos anteriormente no Museo, xa que durante a execución das obras non foron trasladados, polo que pon en dúbida o seu bo estado.

O **Sr. Alcalde** resposta que estaban protexidos. A execución da obra fíxose por tramos e, segundo onde se traballara, as obras trasladábanse a zonas protexidas baixo a dirección do Director do Museo, non constándolle que algún dos elementos sufrira danos.

A **Sra. Camba Castro** di que iso poderíase valorar na visita de todos os concelleiros/as que propuxo anteriormente, e así saber como se protexeron ditas obras, porque algunhas son moi delicadas e ás que a humidade lles afecta (mapas, por exemplo), e que deberían ter unhas condicións de temperatura e humidade especiais para o seu mantemento, polo que hai que valorar o seu estado actual. Continúa preguntando novamente polo Cruceiro de Orzamerxe, porque estamos falando de un patrimonio anterior a 1901 e que se está deixando a un particular que o custodie, cando se trata dun ben histórico de interese patrimonial, e se chega a pasar algo produciríase unha responsabilidade para a persoa que o custodia que seguro que non o sabe. Polo anterior considera que debería ser trasladado ao Museo Reimóndez Portela, non entendendo onde está o problema polo que non se efectúa este traslado.







O **Sr. Alcalde** di que tomará nota dese asunto. E, por último, dentro do Regulamento de Participación Cidadá, pregunta ao público presente se queren intervir para formular algún rogo ou pregunta.

Non habendo intervencións, procédese a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas dezaseis minutos do día do seu comezo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 3KEJF25A9XVWG6R333WECMPNWQ | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233